

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A FEDERACIÓN POLA IGUALDADE DAS MULLERES DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (FEMUPO), PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓN DE CONCIENCIACIÓN E SENSIBILIZACIÓN SOBRE A VIOLENCIA DE XÉNERO INCLUÍDAS NO PROXECTO MULLERES EN CONSTRUCCIÓN 5.0

MEMORIA EXPLICATIVA

De conformidade co Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, á Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, como órgano de dirección correspóndelle Impulsar as actuacións conducentes á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, na Lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

A Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, modificada pola Lei 12/2016, do 22 de xullo, dispón a adopción en Galicia de medidas integrais para a sensibilización, a prevención e o tratamento da violencia de xénero, así como a protección e o apoio ás mulleres que a sofren, facendo especial fincapé (artigos 4 e 6), na especial dificultade das mulleres do ámbito rural para acceder as recursos e aos servizos, establecendo a dita Lei, mandatos específicos para salvar a dobre discriminación das mulleres rurais, especialmente das que sofren situacións de violencia de xénero.

O 26 de febreiro de 2025 o pleno do Congreso dos Deputados aprobou de maneira case unánime a renovación e actualización do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero. O acordo amplía as mediadas que incluía no 2017 de 290 a 461 e introduce novos eixes como son a violencia vicaria, a económica e a dixital. Ademais prestáselle especial atención ás mulleres rurais e ás mulleres con



discapacidade. Así a medida 41 recolle o reforzar as campañas de sensibilización cara as mulleres no ámbito rural, pola maior incidencia nese entorno.

Así mesmo, o eixo 3 do Pacto de Estado recolle no seu punto 4 un apartado específico adicado ao Rural, e nel establécense medidas que abranguen desde o incremento da atención ás vítimas nas zonas rurais, cun maior número de centros de acollida e información, ao impulso ás asociacións de mulleres no ámbito rural, promover e apoiar as mesas de coordinación, a reforzar a presenza policial para a adecuada atención ás vítimas, e brindarlle ás vítimas unha atención e acompañamento efectivas e de calidade.

A Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO), formada por 21 entidades federadas, constituíuse no ano 2019 onde por unanimidade estableceuse a creación dunha Federación de mulleres que dera apoio e visibilidade a todas as asociacións que o precisen. É unha organización de natureza asociativa e sen ánimo de lucro constituída ao abeiro da Lei 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Entre os fins da federación figuran a defensa das liberdades, os dereitos e os intereses das mulleres e dos/as menores en calquera situación de desamparo, con especial atención á defensa dos dereitos e liberdades das mulleres con menores a cargo e das mulleres vítimas da trata e explotación sexual, a denuncia expresa de toda discriminación cara á muller e os/as menores polo feito de selo, a defensa e apoio ás mulleres vítimas de violencia de xénero e aos seus fillos e fillas. O proxecto a desenvolver pola Federación centrarase en analizar e atopar solucións para rematar coa violencia de xénero en todos os ámbitos.

A Consellería de Política Social e Igualdade ten as competencias en materia de loita contra a violencia de xénero, estima oportuno asinar un convenio de colaboración coa Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (FEMUPO) para o financiamento de accións cuxos obxectivos son: conseguir a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres e a igualdade de oportunidades, contribuír a erradicación da violencia de xénero, sensibilizar e concienciar sobre a violencia de xénero, denunciar todas aquelas accións nocivas que poidan prexudicar ás mulleres, empoderar ás mulleres para conseguir esa independencia, tanto económica como



social e laboral para saír da violencia de xénero, realizar todas as accións precisas e necesarias para converter a nosa sociedade nun lugar mellor e sen ningunha rotura social.

Así mesmo e tendo en conta que Galicia é unha comunidade autónoma rural, a Consellería de Política Social e Igualdade pretende asinar convenios de colaboración coas federacións e asociacións de mulleres das provincias de A Coruña, Lugo e Ourense, sendo todas elas entidades que traballan no eido da violencia de xénero que tanto pola súa capacidade como pola súa representatividade son as únicas en Galicia que poden levar a cabo accións de prevención, formación, información e sensibilización en materia de violencia de xénero no ámbito rural.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

O director xeral de Loita contra a Violencia de Xénero

Roberto Barba Alvedro

